

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

TEORÍA DA TECTÓNICA DE PLACAS

A litosfera é a capa ríxida máis externa da Terra. Está constituída pola codia e por unha parte do manto superior, e fragmentada nunha serie de **placas litosféricas** que se sustentan sobre a astenosfera. As placas poden clasificarse dacordo a distintos criterios:

- Segundo o seu tamaño temos:
 - **Macroplacas** ou grandes placas: son sete: Norteamericana, Sudamericana, Euroasiática, Africana, Pacífica, Antártica e Indoaustraliana.
 - **Microplacas**: placa de Cocos, Caribe, Filipina, etc.
- Segundo a súa composición:
 - **Placas oceánicas**: están compostas unicamente por litosfera oceánica.
 - **Placas continentais**: compostas unicamente por litosfera continental.
 - **Placas mixtas**: conteñen litosfera continental e oceánica. A maioría das placas pertencen a este grupo.

Actividades:

1. Que é a litosfera? En que se diferencia da codia?
2. Por que as placas reciben o nome de placas litosféricas?
3. Que é a astenosfera?
4. Busca unha placa que sexa macroplaca e oceánica ao mesmo tempo.
5. Pon nome ás estruturas numeradas, do 1 ao 16.

